

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 12:25 h do día 22 de novembro de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ** en substitución de D. Paco Ferreira González, **D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 18 de Outubro de 2024.

2.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓNS SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2024 (Expte. 2024010400)

O presidente dá conta de que a Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 24 de outubro de 2024, acordou aprobar a relación de concesións de axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2024. Estas bases saíron publicadas no BOPPO núm. 153, de 7 de agosto de 2024. O importe total destinado foi de 100.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/330.3260.489.09, que se repartiron entre 26 entidades da provincia que presentaron solicitude e cumpriron coas bases estipuladas e que figuran na relación co CSV: MPUXL5NU8YATXJ6Q.

3.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DA XIII EDICIÓN DO ENCONTRO DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, “A MADEIRA, SOPORTE DE BENS CULTURAIIS”, O 21 E 22 DE NOVEMBRO NO MUSEO DE PONTEVEDRA COA COLABORACIÓN DA ESCOLA SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIIS DE GALICIA (Expte. 2024074891)

O presidente dá conta da organización por parte do Museo de Pontevedra, en colaboración coa Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, da XIII edición do Encontro de Conservación e Restauración baixo o título “A madeira, soporte de bens culturais”, actividade enmarcada na programación do Departamento de investigación e que se celebrou os días 21 e 22 de novembro do presente ano no edificio Castelao do Museo. No encontro afondouse nas particularidades da madeira desde a perspectiva dos bens pictóricos, escultóricos



e arqueolóxicos, en torno ao que se reuniron importantes especialistas procedentes de diversos países co fin de compartir novidades nas propostas de intervención ou casos complexos para superar os retos que propón o patrimonio cultural creado en madeira. Asistiron un total de 150 persoas e os gastos previstos son de 17.929,91 €.

4.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A VISUAL ENTIDAD DE GESTIÓN DE ARTISTAS PLÁSTICOS (VEGAP) RESPECTO DA XESTIÓN DOS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL DOS AUTORES/AS DE CREACIÓNS VISUAIS (Expte. 2024064143)

O presidente dá conta da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e a Visual Entidad de Gestión de Artistas Plásticos (VEGAP), respecto da xestión dos dereitos de propiedade intelectual dos autores/as de creacións visuais, texto recollido no documento ao que se lle asigna o CSV: VOJOHFNI8AD8JY54 e aprobado por Resolución Presidencial núm. 2024008010, de 14 de outubro de 2024. Este convenio ten por obxecto establecer o procedemento de xestión e obtención das autorizacións de VEGAP en favor do Museo de Pontevedra para a utilización das obras dos autores e autoras do repertorio de VEGAP no exercicio das súas actividades, definindo reducións das tarifas xerais de VEGAP en vigor en cada momento en favor do Museo de Pontevedra e marcándose como obxectivo final o fomento e divulgación do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

